



O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS ORGANIZA A PRESENTACIÓN DO LIBRO **ARQUITECTURAS DEBUXADAS**

de **SANTIAGO CATALÁN**
CASA DA CULTURA DE VILALBA

27 de outubro de 2017

20:30 horas



O Instituto de Estudos Chairegos organiza o vindeiro venres, día 27 de outubro de 2017, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, a presentación do libro **ARQUITECTURAS DEBUXADAS**, de **SANTIAGO CATALÁN**. No acto, ademais do autor do libro, intervirán **MANUEL BRAGADO**, director de Edicións Xerais de Galicia, entidade editora da publicación, **MANUEL ROCA CENDÁN**, profesor e vogal da Xunta Directiva do Iescha, e **MARISA BARREIRO MEJUTO**, mestra e presidenta do Iescha.

O arquitecto Santiago Catalán ofrece neste libro un itinerario visual inédito sobre a cidade de Lugo. Arquitecturas debuxadas polo autor con asombrosa fidelidade a algúns dos espazos e das edificacións emblemáticas da cidade bimilenaria, como a catedral, a casa do Concello, a praza do campo e a muralla. Unha obra que, ademais, homenaxea a Juan Álvarez de Mendoza, Luis Bellido, Nemesio Cobreros, Eloy Maquieira ou Alfredo Vara, arquitectos que deseñaron a cidade e renovaron o seu urbanismo no último século. En palabras de Paco Martín, "Santiago Catalán, nesta obra, que non dubido en cualificar de substancial para o coñecemento da nosa cidade, descorre coa mao sensible do artista a cortina que gardaba da nosa vista moito diso que cada día miramos pero que non sempre vemos". "Arquitecturas debuxadas vén achaiar o camiño do viaxeiro interesado despechándolle portas á curiosidade intelixente, a encher de arte e coñecemento ese espazo que o costume e a rutina foron baleirando

na sabenza dos lugueses". Un libro que Santiago Jaureguizar cualifica como "celebración das porcións de Lugo, 'que adscribe' á Cidade Eterna", engadindo que "o vademécum de Catalán é o inventario que o noso sandador nos lega para indicarnos a arquitectura luguesa que debemos preservar".



SANTIAGO CATALÁN

Santiago Catalán (Madrid 1954) é arquitecto, debuxante e pintor. Desde a súa titulación na *Escuela de Arquitectura de Madrid*, en 1978, compaxinou a súa faceta profesional (con proxectos de edificios públicos, restauración de monumentos, interiorismo e deseño gráfico) cunha intensa dedicación ao **debuxo** e ao mundo da arte en xeral, sendo fundador e socio da Galería Bacabú de 1998 a 2001 en Lugo, o seu lugar de residencia desde 1980.

Algunhas das súas exposicións:

- 1981** Sala de la Escuela de Arquitectura de Madrid **1986** Sala del Banco de Crédito e Inversiones (Lugo) **1988** Galería Sargadelos (Santiago de Compostela) **1992** Galería Pardo Bazán (A Coruña)
1994 Galería Almirante (Lugo) **1996** Mesón do Forno (Lugo) **1998** Galería Detursa (Madrid)
1999 Sala Bacabú (Lugo) **2003** Sala Amararte (Lugo) **2006** Sala COAG. Casa da Conga (Santiago de Compostela)
2007 Galería Almirante (Lugo) **2009** Auditorio de Vilalba (Lugo)
2010 Galería Pardo Bazán (A Coruña)